



PREGO DE CONDICIÓN DAS AUTORIZACIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA OU LICITACIÓN PÚBLICA MEDIANTE PLURALIDADE DE CRITERIOS DE VARIOS LOCAIS SITOS NA PLANTA BAIXA DO MERCADO MUNICIPAL DAS NEVES (LOCAIS NÚMEROS 1, 2, 3, 4, 5, 6, 10 E 11)

DISPOSICIÓN XERAIS

Cláusula 1. Obxecto das autorizacións

É obxecto do presente Prego de condicións regular o procedemento, adxudicación e o contido das autorizacións para a ocupación privativa dos postos vacantes da planta baixa do mercado municipal de abastos das Neves (o mercado conta con dúas plantas: baixa e semisoto) mediante procedemento de concorrencia ou licitación pública con pluralidade de criterios.

Este prego, cos documentos que preceptivamente o integran, formarán parte do contido das autorizacións que no seu día se outorguen.

Os postos que constitúen o obxecto do presente procedemento de concorrencia pública e de licitación, con indicación dos metros cadrados que se poden ocupar son os que figuran a continuación:

POSTO	VALOR	M2	UNIDADES CON ACCESO A SAÍDA DE FUME
Planta baixa de mercado			
1	5.750,00 euros	14.38	Si
2	4.500,00 euros	11,14	Si
3	6.970,00 euros	17.06	Si
4	4.500,00 euros	10.95	Si
5	5.700,00 euros	14.30	Si
6	5.300,00 euros	13.05	Si
10	3.690,00 euros	9.20	Non
11	3.690,00 euros	9.02	Non

Como anexo I a este prego incorpórase un plano con todos os postos que son obxecto de licitación, facendo constar o número dos postos, a superficie que abranguen e que se pode ocupar. En todo caso, non se pode ocupar por cada posto máis dos metros indicados.

Como anexo II acompáñase o manual de obras para o deseño e construción das obras de adaptación dos espazos obxecto das autorizacións, onde se fan constar os criterios de acondicionamento dos postos.

Os postos obxecto deste procedemento sitúanse en terreos de dominio público municipal.

DESTINO DOS ESPAZOS MUNICIPAIS OBXECTO DAS AUTORIZACIÓNS





O que se pretende coas actividades dos postos é converter o mercado nun referente gastronómico baseado no produto da terra, nun espazo cultural de estilo de vida saudable, que ten que ver cun modelo de localidade que busca unha vida sa e activa. Neste senso, cada un dos postos que son obxecto destas autorizacións destinaranse exclusivamente a actividades que encaixen dentro de produtos elaborados e degustación in situ, primando a variedade comercial, entre as que se poden incluír as seguintes a título exemplificativo:

- a) Tendras de sementes, legumes, fariñas ou de outro tipo de produtos similares.
- b) Adega ou similares.
- c) Vermutería, coctelería ou similares.
- d) Cervexa artesá.
- e) Posto de frituras (patacas, peixes, verduras fritas e similares).
- f) Venda e degustación de aceites.
- g) Xeados artesás
- h) Venda e degustación de conservas.
- i) Venda e degustación de queixos, xamóns e embutidos.
- j) Comidas da terra, do mar, pero tamén doutras culturas (mexicana, asiática, árabe, francesa, italiana ou doutros países), ou vexetarianas, veganas ou destinadas a determinado tipo de consumidores.
- k) Oferta de almorzos (café, té ou similares) especiais (tipo brunch, doces artesas, marmeladas ou similares).

Permitirase ademais un uso dotacional dos locais, para incluír actividades de carácter administrativo ou social (oficinas, espazos de *coworking*...). Así como establecementos comerciais de produtos artesanais.


Os licitadores na súa oferta, en particular na memoria comercial, deberán determinar a actividade concreta a que destinan o posto dentro das enumeradas anteriormente. Unha vez ofertada unha das actividades anteriores polos autorizados, estes non poderán destinar o posto a outros destinos sen mediar autorización expresa do Concello.

En todo caso, as actividades que se poden autorizar para destinar o posto só poden ser as enumeradas anteriormente ou similares. O Concello, á hora de outorgar a autorización para o cambio de actividade inicial, debe empregar como parámetros a valorar, a variedade comercial, a non competencia con outras actividades do mercado e a posible demanda do produto que se ofrezca, de tal forma que o obxectivo debe ser sempre a maior variedade de produtos no mercado, que se vendan produtos que teñan demanda e conseguir o maior dinamismo no mercado.

Cláusula 2. Réxime xurídico

Esta concesión de carácter administrativo especial rexerá polas cláusulas contidas no presente prego, que reviste carácter contractual, de obrigado cumprimento para os licitadores e posteriormente para o adxudicatario.

No non previsto neste prego será de aplicación a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; LCSP; RD 1098/2001 polo que se aproba o



Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da Lei de contratos do sector público, Lei 7/85 do 2 de abril e R. D. Lex. 781/86, do 18 de abril; ordenanzas fiscais do Concello das Neves vixentes en cada momento; normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

Os autorizados sométense expresamente á devandita normativa.

O artigo 9 da Lei de 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece como negocio excluído do seu ámbito de aplicación “As autorizacións e concesións sobre bens de dominio público e contratos de explotacións de bens patrimoniais distintos os definidos no artigo 14, que se regularán pola lexislación específica”.

De conformidade co disposto no artigo 265 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, da Administración Local de Galicia “Son bens de servizo público os destinados directamente o cumprimento de fins públicos responsabilidade das Entidades Locais, tales como,, matadoiros, mercados, lonxas”. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 295 da citada Lei: “Las Entidades Locales poderán concertar os contratos, pactos ou condiciones que consideren adecuados sempre que non sexan contrarios ao interese público, o ordenamento xurídico, ou os principios de boa fe da administración”

Conforme o artigo 85.3 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, “Es uso privativo el que determina la ocupación de una porción del dominio público, de modo que se limita o excluye la utilización del mismo por otros interesados”. Previendo o artigo 86.2 que “El aprovechamiento especial de los bienes de dominio público, así como su uso privativo, cuando la ocupación se efectúa unicamente con instalaciones desmontables o biens muebles, estarán sujetos a autorización o, si la duración del aprovechamiento o uso excede de cuatro años, a concesión”.

Cláusula 3. Prazo de Concesión.

As autorizacións obxecto deste prego outorgaranse por un prazo de UN ANO prorrogable por anos ata un máximo total de CATRO ANOS.

Cláusula 4. Canon

Os que resulten autorizados deberán satisfacer os canons correspondentes mellorados ao alza segundo as súas propostas e ademais a taxa correspondente conforme ao establecido na *Ordenanza fiscal número 13, reguladora da taxa por servizos de matadoiros, lonxas e mercados, así como a carrega de carnes, se houbera de empregarse dun xeito obrigatorio, e servizos de inspección en materia de abastos, incluía a utilización de medios de pesar e medir.*

Os canons mínimos que se deben ofertar os licitadores por tipo de postos son os seguintes:





Local número	Canon (euros/ano)
Un (1)	310,00.-
Dous (2)	240,00.-
Tres (3)	370,00.-
Catro (4)	240,00.-
Cinco (5)	310,00.-
Seis (6)	285,00.-
Dez (10)	200,00.-
Once (11)	200,00.-

As ofertas que se formulen por debaixo destes mínimos serán rexeitadas e os licitadores excluídos deste procedemento de licitación.

O canon aboarase periodicamente dentro dos 10 primeiros días do ano.

Con independencia do canon, os concesionarios estarán obrigados a tributar pola prestación dos diversos servizos, instalacións e bens establecidos no Mercado.

Cláusula 5. Risco Económico

A explotación dos postos será a risco e ventura dos concesionarios, sen que o Concello participe na súa financiación nin avale ningún tipo de empréstito.

Cláusula 6. Xurisdición competente:

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, extinción e efectos das autorizacións serán resoltas polo órgano competente para o outorgamento das autorizacións; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a teor da lei de dita xurisdición. Non obstante, os interesados poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

OUTORGAMENTO DAS CONCESIÓN

Cláusula 7. Procedemento e forma

A autorización adxudicarase polo procedemento aberto de libre concorrència, mediante a valoración de varios criterios de adxudicación, e a tramitación do expediente será ordinaria.





Cláusula 8. Capacidade para contratar

Están capacitados para presentar solicitudes de autorización neste procedemento de outorgamento de autorizacións as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, cando teñan plena capacidade de obrar e non estean afectos por ningunha das circunstancias que enumera o artigo 71 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) como prohibitivas para contratar e dispoñan da solvencia económica e técnica e cumbran cos requisitos que se establecen neste prego.

Por outra banda, co fin de evitar especulacións cos bens municipais e facilitar que a maioría de persoas poidan ser titulares de autorizacións, ningún autorizado poderá ser titular, directa ou indirectamente, de máis de 2 postos; a estes efectos cada número de posto considérase un posto.

No suposto de que se soliciten máis de 2 postos, e de resultar que os licitadores presentan as mellores ofertas no seu conxunto (sumando a económica e a memoria comercial), adxudicarase como máximo 2. A estes efectos, os solicitantes dos postos deben indicar por orde cales son os postos que prefiren resultar adxudicatarios, de tal forma que se adxudicarán os postos pola orde de preferencia indicada ata o límite indicado.

As limitacións expostas nos parágrafos anteriores supoñen que os actuais titulares das concesións de postos do mercado municipal poden optar a estes novos postos, pero se terán en conta os postos dos que son titulares anteriormente a esta licitación, de tal forma que só se lle poden adxudicar os que lle poidan faltar ata acadar o cupo máximo de 2 postos.


Dadas as características das autorizacións, que conlevan a prestación de servizos aos cidadáns, establécense criterios de solvencia técnica e económica.

A **solvencia económica** que se esixe para poder participar neste procedemento é a seguinte:

1- Volume anual de negocios.

Criterio de selección: Entenderase cumprida a solvencia cando o volume anual de negocios do licitador, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, sexa igual ou superior a unha vez e media o importe anual do canon da autorización pola que se presenta oferta.

En principio coa finalidade de axilizar este procedemento en consonancia coa filosofía que se establece no artigo 5 do Real decreto 199/2010, polo que se regula o exercicio da venda ambulante e sedentaria, e seguindo unha filosofía similar a establecida no artigo 11.5 do Real decreto 1098/2001, do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, non se esixe a acreditación documental da solvencia económica, senón unha **declaración xurada dentro da solicitude** nos termos establecidos neste prego. Isto enténdese sen prexuízo das facultades de comprobación



que ten atribuídas o Concello de As Neves, que poderá solicitar calquera acreditación destes extremos, para que se acheguen no prazo máximo de 5 días naturais.

Por outro lado, para poder ser beneficiario da autorización requírese que os licitadores estean de alta no imposto sobre actividades económicas no epígrafe ou epígrafes correspondentes ás actividades que se pretenden desenvolver nos postos que solicitan e que inclúa, dentro do seu ámbito, como mínimo o territorial do Concello de As Neves, debendo estar ao corrente, no seu caso, no pagamento deste imposto. No suposto de que non estivesen de alta neste imposto ou non de forma correcta, deberán darse de alta de forma correcta no prazo sinalado no artigo 7.1) deste prego. En caso de que no citado prazo non se den de alta ou non o acrediten serán excluídos deste procedemento de adxudicación.

A **solvencia técnica** que se esixe para poder participar neste procedemento acreditarase de conformidade co seguinte medio, criterio de selección e mediante a seguinte forma e documentación:

a. Medios:

A solvencia técnica acreditarase a través:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúan importes, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos, así como certificados acreditativos destes.

b. Criterios de selección:

Como mínimo deberase ter realizado nos últimos cinco anos, servizos ou traballos relacionados coa hostalería ou coa venda de comercio ao miúdo durante un período de 3 meses, que pode ser de forma interrompida ou non.

c. Documentación e forma de acreditación:

A experiencia en prestación de servizos ou traballos realizados coa hostalería e co comercio ao miúdo acreditarase a través de certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando se teñan realizado para unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste, que demostren o cumprimento dos extremos necesarios para cumprir o criterio de selección.

Requírese así mesmo do licitador, en caso de persoa xurídica, que os fins sinalados nos seus estatutos ou regras fundacionais, teñan relación directa coa actividade que se vai exercer.

Deberanse cumprir os demais requisitos e condicións fixados no presente prego para poder ser titular das autorizacións.

O Concello de As Neves poderá verificar si se cumpren os condicionantes, requisitos e limitacións establecidos. O non cumprimento destes, considerase o incumprimento dunha obriga esencial, e polo tanto, determinará a exclusión do procedemento e cando



proceda, pola fase do procedemento en que se estea a extinción da autorización e a imposibilidade de continuar con esta. Así mesmo, a falsidade, inexactitude e ocultación dos datos ou declaracións que teña un carácter esencial, considerase o incumprimento dunha obriga esencial, e polo tanto, determinará a exclusión do procedemento e cando proceda, pola fase do procedemento en que se estea a extinción da autorización e a imposibilidade de continuar con esta, sen prexuízo das responsabilidades civís, administrativas e penais que correspondan.

O Concello de As Neves poderá recadar información de calquera solicitante en relación a algún dos extremos que sexa necesario para participar neste procedemento ou resultar adxudicatario, que deberá ser atendido debidamente e de forma completa no prazo que sinala o Concello.

Cláusula 9. Presentación de Proposicións:

As solicitudes para tomar parte neste procedemento presentaranse polos procedementos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas durante os 30 días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Este prego estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello das Neves durante mesmo prazo.

No caso de que as solicitudes se remitan por correo, os interesados deberán acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao Concello, por fax (ao número 986648052) ou telegrama, a remisión da solicitude de outorgamento da autorización. Sen cumprir tales requisitos non serán admitidas as solicitudes de autorizacións no caso en que se recibiran no Rexistro Xeral municipal fóra do prazo fixado.

En todo caso, transcorridos 10 días naturais desde a terminación do prazo de presentación non serán admitida ningunha proposición enviada por correo.

Igual advertencia será de aplicación para os casos nos que se faga uso da posibilidade prevista polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, debendo anunciarse de igual modo a súa presentación mediante esta vía, e coas mesmas condicións expostas.

Unha vez recibidas as solicitudes, non poderán ser retiradas salvo por causas debidamente xustificadas.

O contido mínimo dos anuncios expresará:

- O obxecto das autorizacións, con referencia ao prego de condicións.
- O lugar de consulta e modo de acceso a tales pregos.
- Prazo durante o que os interesados poderán presentar as súas solicitudes.

A presentación de calquera outra comunicación ou escrito dirixido ao Concello en relación con este procedemento deberá necesariamente efectuarse electronicamente, co cumprimento dos requisitos sinalados na Lei 39/2015 e a través da sede electrónica municipal: <http://concelloasneves.sedelectronica.gal>, aplicando o procedemento que





corresponda.

Excepcionaranse aqueles que polo seu carácter non poidan ser dixitalizados (modelos físicos ou a escala que non poidan ser transmitidos utilizando medios electrónicos) ou que esixan a utilización de programas ou soportes que incumpran as condicións que se sinalan na Disposición Adicional Decimosexta da LCSP.

As persoas interesadas en participar no presente procedemento haberán de presentar a documentación que a continuación se sinala en tres (e) sobres: A, B e C. Toda a documentación que se achegue debe presentarse en castelán ou galego.

Sen prexuízo da documentación que deban incluír en cada sobre, os interesados deberán presentar os tres sobres pechados coas seguintes características:

Estarán asinados polo interesado ou pola persoa que o represente e conterán a documentación dos requisitos esixidos neste prego, debendo constar na parte exterior de cada sobre o seguinte:

- a) O obxecto das autorizacións, co título que en cada caso corresponda.
- b) O contido do sobre, coa expresión da denominación fixada neste pregos para cada sobre.
- c) Os datos de identificación do licitador, co seu nome ou denominación social, o número de documento de identidade ou NIF, o seu enderezo, un número de teléfono, un número de fax e, de haber, un enderezo de correo electrónico.
- d) No caso de presentar a proposición unha persoa en representación do licitador, o representante estará axeitadamente identificado no exterior do sobre co seu nome e co número do documento de identidade.
- e) Nos sobres B e C, na parte exterior debe facerse constar o número de postos para os que formulan proposicións. No caso de optar a dous postos consecutivos coa intención de adicalos a un só uso, non se poderá licitar e acceder a ditos postos individualmente considerados.

Na parte interior de cada sobre farase constar unha relación numérica dos documentos que conteñen.

O licitador presentará nun único sobre a súa proposición para un único posto. O licitador poderá formular ofertas por un ou varios postos, nese caso presentará unha proposición para cada posto , coas seguintes particularidades:

- 1.- No caso de que se presente a **dous postos non consecutivos**, deberá presentar un único sobre A, dous sobres B (unha memoria por cada posto) e dous sobres C (unha proposta económica por cada posto).
- 2.- Por ultimo, no caso de que se presente a **dous postos consecutivos**, deberá presentar un único sobre A, un único sobre B (unha memoria comercial) e dous sobres C (unha proposta económica por cada posto)

A denominación dos sobres será a seguinte:

SOBRE A: Documentación Administrativa

SOBRE B: Proposta Técnica- Memoria Comercial





SOBRE C: Proposición Económica

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias auténticas, conforme a lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluírase unha relación numerada dos documentos que se aportan, sendo estes os que seguen:

SOBRE A: Documentación Administrativa:

1. Incluirá unha declaración responsable do seguinte teor, ou cando menos contendo os extremos que nela se contemplan:

“D/Dona....., con DNI N°..... ou pasaporte N°....., en nome propio (ou en representación.....

.....,e con enderezo a efectos de notificacións..... e mail (obrigatorio por unha dirección de mail, posto que a relación coa administración será electrónica).....informado do procedemento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública mediante pluralidade de criterios da planta baixa do mercado municipal de As Neves (Pontevedra), segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número..... de data....., e tendo coñecemento do prego de condicións que rexe estas autorizacións, manifesto que, reunindo todos os requisitos e condicións para poder ser beneficiario destas autorizacións, acepto plenamente e de maneira incondicional o prego de condicións e cantas obrigas derivan do mesmo e formulo a seguinte solicitude que inclúe a declaración responsable do cumprimento dos requisitos para participar neste procedemento:

Declaro baixo a miña responsabilidade que eu ou, no seu caso, a entidade á que represento:

a. Cumpro cos requisitos establecidos neste prego para participar neste procedemento e ser beneficiario da autorización ou autorizacións para os postos para os que formulo oferta así como para exercer as actividades dos postos, cumpro coas condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos que se poden vender no posto ou postos aos que optarei, estou en posesión da documentación que así o acredita a partir do inicio da actividade e comprométome a facilitala cando sexa requirido polo Concello das Neves e a manter o cumprimento dos requisitos necesarios para o exercicio da concreta actividade ou actividades no posto ou postos, que no seu caso, se me outorguen na autorización. Así mesmo, declaro expresamente que coñezo as normas ás que deben axustarse as actividades que pretendo exercer no posto ou postos para os que solicito autorización e comprométome a observalas.

b. Estou dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estou ao corrente no pagamento da tarifa ou, no caso de estar exento, estou dado de alta no censo de obrigados tributarios.





- c. *Que eu e, no seu caso, a entidade que represento, e de ser o caso, os administradores ou órganos de dirección, non están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no artigo 71 da LCSP.*
- d. *Que estou ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- e. *Que cumpro coa solvencia mínima económica fixada nos pregos.*

Solicito que se me outorgue a autorización para os postos seguintes pola seguinte orde:

- 1. *Posto número*
- 2. *Posto número*
- 3. *Posto número*
-
- (1)

Lugar, data e sinatura”.

(1) Aqueles postos que veñan numerados consecutivamente (por exemplo x-y-z) o texto sería:

“Solicito que se me outorgue a autorización para os postos seguintes pola seguinte orde:

- 1. *Postos número x-y-z*
- 2. *Posto número*
- 3. *Posto número*
- 4. *Posto número*”


Toda a documentación sinalada na declaración responsable deberá estar en posesión do licitador e deberá ser presentada sempre que lle sexa requirida polo Concello no prazo que este sinala.

2. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe, así como a inadecuación ou insuficiencia dos mesmos para acreditar os extremos requiridos en atención ao obxecto e características das concesións, ou a súa falta de achega sen máis no momento do seu requirimento, motivará a desestimación da oferta presentada e o requirimento da documentación á seguinte máis vantaxosa. Isto sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas as que houbese lugar.

3. Dita declaración acompañarase, no seu caso, dos seguintes documentos: “DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR EN CASO DE PRODUCIRSE EMPATE ENTRE AS PROPOSICIÓNS E OFERTAS DAS EMPRESAS LICITADORAS”.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis solicitantes **empaten na maior puntuación nun mesmo** posto, este resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momentos de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- d.1.** Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal de cada unha das persoas, primando en caso





de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade no cadro de persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no cadro de persoal.

d.2. Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal de cada unha das empresas.

d.3. Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal de cada unha das empresas.

d.4. O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non permitise desempatar. O sorteo realizarase no día e hora que se indique no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, dando fe a Secretaria-Interventora municipal.

SOBRE B: Proposta Técnica- Memoria Comercial

Neste sobre incluírase unha memoria comercial de conformidade co que se describe na cláusula 10.

Lémbrese que debe presentar unha memoria comercial por posto que se oferta, salvo no suposto de postos unidos (por exemplo x-y-z) no que será suficiente unha única memoria comercial, e debe indicarse claramente os postos que se ofertan por orde de preferencia. Así mesmo, lémbrese que a extensión máxima da memoria comercial por cada un dos postos non pode superar a extensión máxima de 25 folios DIN A4 a unha cara. Se se excede o número de folios indicado unicamente se valorarán os 25 primeiros folios.

Neste sobre non se poden incluír datos que revelen o contido da oferta contida no sobre C, é dicir, o canon ofertado. En caso de revelar a oferta do canon ofertado, esta proposición será rexeitada.

SOBRE C: Proposición Económica

Neste sobre incluírase a proposición económica (canon anual ofertado) que se axustará ao seguinte modelo (o modelo pode alterarse sempre que respecte os elementos esenciais do mesmo e se poida considerar que é equivalente):

“D/Dona....., con DNI n°..... ou pasaporte n°....., en nome propio (ou en representación.....

.....,e con enderezo a efectos de notificacións....., con mail..... informado do procedemento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública mediante pluralidade de criterios da planta baixa do mercado municipal de As Neves (Pontevedra), segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e tendo coñecemento dos pregos de condicións que rexen estas autorizacións, manifesto que reunindo todos os requisitos e condicións para ser adxudicatario destas autorizacións, acepto plenamente e de maneira incondicionada o prego de condicións e cantas obrigas derivan do mesmo e formula a seguinte proposta de canon anual pola autorización dos postos que a continuación se



indican (os postos deben indicarse por orde de preferencia):

2. *Pola autorización do posto número.....oferto un canon anual de....euros (letra e número).*
3. *Pola autorización do posto número.....oferto un canon anual de....euros (letra e número).*
Lugar, data e sinatura”.
 - (Deberase indicar todos os postos polos que se formula a oferta económica e indicar por cada posto o canon anual que se ofrece).

Debe lembrarse que os canons anuais a ofertar deben respectar os mínimos fixados nos pregos.

Cláusula 10. Criterios de valoración e Sistema de Adjudicación

Os criterios que servirán de base para a adjudicación de cada unha das instalación obxecto de autorización, por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

1. Canon Anual: ata 51 puntos.

Valorarase o canon anual máis alto que oferten os licitadores por posto para ser beneficiarios da autorización. En todo caso, o canon haberá de cubrir o mínimo precisado no artigo 3 dos pregos para cada un dos postos solicitados, so pena de exclusión da oferta.

Deberá establecerse e fixarse os postos polos que se formula oferta de canon, debendo indicarse a preferencia cando se formule a oferta.

As ofertas valorarase obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática. Neste senso, outorgaranse 0 puntos á oferta que non presente incremento sobre o canon mínimo a ofertar, e o máximo á oferta que supoña maior incremento

$$P = (51 \times Y) / X$$

Onde P é a puntuación que corresponde a cada licitador, X é o canon da oferta a considerar e Y o canon da mellor oferta.

2. Memoria Comercial: Ata 49 puntos.

Por cada un dos postos que se formule oferta deberá presentarse unha memoria comercial, salvo no suposto de que se opte a postos consecutivos, que será suficiente unha única memoria comercial. No caso de que se inclúan varios postos na mesma memoria comercial outorgaranse 0 puntos a este licitador neste apartado. A extensión máxima da memoria comercial por cada un dos postos non pode superar a extensión máxima de 25 folios DIN A4 a unha cara. Se se excede o número de folios indicado, unicamente se valorarán os 25 primeiros folios.

Na memoria deberá especificarse o tipo de actividade a desenvolver, dentro dos fixados neste prego, para cada un dos postos aos que se opta.



Valoraranse os seguintes elementos para cada un dos postos para os que se solicita a autorización:

A. Estratexia de xestión comercial e de explotación: valorase a estratexia que permita conseguir unha mellor xestión comercial ou de explotación, considerando en particular os seguintes elementos (de 0 a 14 puntos):

- Tecnoloxías a aplicar a venda. Valorarase o emprego de tecnoloxías que permitan facilitar a accesibilidade e a difusión comercial dos produtos.
- Tipo de ofertas que se ofrecerán para as liñas de produto. Valorarase a maior diversidade de ofertas e que faciliten a súa comercialización.
- Métodos de captación de clientes a empregar. Valorase o emprego dos mellores métodos que permitan captar clientes.
- Trazabilidade do produto. Valorase a trazabilidade dos produtos e mercadorías que se oferten.
- Campañas de promoción para a posta en marcha do posto. Valoraranse as campañas que sendo máis intensas poidan conseguir unha maior atracción dos clientes para mercar so produtos que se oferten.

B. Propostas de acción conxuntas con outros titulares dos postos (incluídos os da planta do semisoto), en particular referidas a actividades de marketing, servizos *online*, servizo a domicilio e formación persoal e colectiva (de 0 a 13 puntos). Valorase as propostas que poidan contribuír a unha maior dinamización do mercado en colaboración con titulares doutros postos.


C. Propostas de medidas medioambientais que se empreguen no establecemento e desenvolvemento do negocio, de xeito individual ou colectivo (de 0 a 13 puntos). Valorase as propostas que permitan conseguir unha xestión máis sostible desde o punto de vista medioambiental dos postos que se ofertan.

D. Maior número de empregados que se destinaran a explotación dos postos. Valorarase a contratación de maior persoal posible para a explotación dos postos ata un máximo de 2 persoas por posto (de 0 a 9 puntos), da seguinte forma: por cada persoa que se destine a xornada completa mediante contrato laboral indefinido: 3 puntos; por cada persoa que se destine a xornada parcial mediante contrato laboral indefinido: 1,5 punto.

Os criterios de valoración anterior aplicaranse por cada un dos postos para os que se formule oferta.

A efectos da aplicación destes criterios os licitadores **deberán acreditarlos dentro da documentación do sobre A da súa proposición**, mediante a achega, no seu caso, dos correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social e calquera outro documento admitido en dereito que acredite os criterios sociais anteriormente referidos.

Así mesmo, como se indicou, aos efectos do límite de 2 postos ou locais, os licitadores deben indicar por orde preferente cales son os postos polos que licitan, de tal forma que no suposto de resultar que os licitadores presentan as mellores ofertas ou que no suposto de empate son as que se resultan elixidas por sorteo, adxudicárase pola orde indicada



como máximo 2 postos de conformidade coa orde de preferencia indicada ata o límite indicado.

Cláusula 11. Apertura de Sobres e Comisión Seleccionadora

Concluído o prazo de presentación de proposicións, procederase á cualificación previa da documentación xeral do **sobre A** pola Comisión nomeada ao efecto, para verificar que se reúnen os requisitos para participar neste procedemento e que se presentou toda a documentación conforme a estes pregos.

De observarse defectos ou omisións emendables na documentación presentada, ou necesitarse a achega de documentación complementaria, farase o correspondente requirimento, concedéndolles a tales efectos un prazo de 2 días hábiles.

Cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións, ou achegada a complementaria, a Comisión seleccionadora procederá a declarar as solicitudes admitidas e, no seu caso, rexeitadas, con expresión das causas de tal rexeitamento. En todo caso, non serán admitidas as solicitudes que presenten defectos insubsanables ou de quen non reúna os requisitos ou a capacidade para participar neste procedemento ou non respecten os condicionantes fixados neste prego. Así mesmo serán rexeitadas aquelas solicitudes que se aparten substancialmente do modelo proposto, non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, comporten erro manifesto ou contradigan as esixencias esenciais dos pregos ou incorran en falsidade, inexactitude e ocultación dos datos ou declaracións presentadas que revistan un carácter esencial.

Posteriormente, procederase á apertura do **sobre B** en acto non público, procedéndose a valorar as ofertas contidas neste sobre de acordo co criterio fixado no prego, podendo solicitarse os informes que se consideren convenientes. As ofertas que neste sobre revelen o contido da oferta de canon ofertado serán rexeitadas.

Unha vez valoradas as ofertas contidas no sobre B, procederase á apertura do **sobre C** no lugar, data e hora que se indiquen mediante publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal. Este acto será público e poderán asistir todos os interesados, ademais da Comisión seleccionadora, integrada por:

- O Alcalde-Presidente do Concello das Neves ou concelleiro en quen delegue.
- O presidente da asociación de empresarios e comerciantes de As Neves (ou persoa en quen delegue).
- A Secretaria-Interventora municipal.

Así mesmo, invitarase a un representante de cada grupo municipal con presenza no Pleno a asistir ao acto de apertura destes sobres.

O día en que se realizará o acto será debidamente anunciado, cun prazo mínimo de antelación de 3 días hábiles á data de realización, na sede electrónica do Concello das Neves, aos efectos de que todos os solicitantes saiban a data na que se celebrará este acto.



Posteriormente, procederáse pola Comisión seleccionadora a valorar as ofertas contidas neste sobre C, de acordo co criterio fixado no prego, podendo solicitarse os informes que se consideren convenientes.

As proposicións afectadas por calquera das causas precisadas no artigo 84 do Real decreto 1098/2001, serán rexeitadas motivadamente. Así mesmo, serán rexeitadas motivadamente todas aquelas ofertas que se aparten substancialmente do modelo proposto, non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, diminúan o canon mínimo de partida, comporten erro manifesto ou contradigan esixencias esenciais do prego ou incorran en falsidade, inexactitude e ocultación dos datos ou declaracións presentadas que revistan un carácter esencial.

Unha vez valoradas as ofertas formuladas de acordo cos criterios fixados neste prego, e no caso de producirse empates, resoltos estes de conformidade cos criterios establecidos neste prego, formularase proposta de outorgamento de autorizacións de cada un dos postos aos ofertantes que obteñan maior puntuación en cada un dos postos, aplicando a limitación de 2 postos nos termos indicados no artigo 4 deste prego. Nesa proposta debe determinarse por orde decrecente a puntuación obtida por cada ofertante respecto de cada posto.

Esta proposta non outorgará ningún dereito a favor dos adxudicatarios propostos e será aprobada pola Alcaldía-Presidencia do Concello das Neves.

Co resto de licitadores que non obteñan os postos solicitados e sempre que non superen os 2 postos dos que poidan ser titulares (incluídos os postos dos que sexan titulares e os que solicitaron para este procedemento e se propuxeron como adxudicatarios) crearase unha lista de reserva de posibles beneficiarios por posto, na que figuraran estes por orde de puntuación obtida en relación a ese posto. No caso de que se exclúa a algún licitador proposto, ofrecerase a adxudicación do posto aos seguintes que figuren na lista, por orde de puntuación. Procederáse da mesma forma, en caso de que continúen existindo vacantes.

Cláusula 12. Requirimento de Documentación

O órgano competente requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente mais vantaxosa para que, no prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte a recepción do requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou autorice o órgano de contratación para obtelo de forma directa. Así mesmo, deberá acreditar o pagamento do canon ofertado.

Cláusula 13. Outorgamento da Autorización

No prazo de 5 días hábiles desde que se reciba de forma correcta a documentación precisada no artigo anterior, a Alcaldía outorgará as autorizacións dos postos.

Os acordos de outorgamento das autorizacións serán motivados e notificaranse aos licitadores electronicamente.





A resolución outorgando as autorizacións conterá tódolos pronunciamentos precisos sobre os ofertantes e os beneficiarios das autorizacións así como sobre a inadmisión ou rexeitamento das solicitudes de outorgamento coa debida motivación. Así mesmo, deberá indicar por cada un dos beneficiarios das autorizacións os seguintes datos: NIF, postos dos que resultan adxudicatarios e os canons anuais a pagar por cada un dos postos.

As autorizacións dos postos recollerán as seguintes condicións:

- 1.** O posto que é obxecto desta autorización destinarase exclusivamente ás finalidades previstas conforme se dispón no artigo 1 do prego de condicións que rexen estas autorizacións.
- 2.** O réxime económico ao que se suxeita a autorización é ao pagamento polo autorizado do canon ofertado por este e as taxas recollidas en cada momento na ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa de mercado (ordenanza número 13), así como os tributos e demais gastos que deberán facerse nos termos fixados no prego de condicións que rexe esta autorización.
- 3.** O autorizado asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar os bens obxecto de autorización segundo a súa natureza e entregar, á extinción da autorización, os terreos municipais ocupados en perfecto estado de conservación e uso nos termos fixados no prego de condicións que rexe esta autorización.
- 4.** O autorizado asumirá o compromiso da previa obtención, a súa custa, de cantas licenzas e permisos requiran o uso dos bens e as actividades a realizar sobre o posto autorizado.
- 5.** Os autorizados aceptan a revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos previstos no artigo 92.4 da Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas
- 6.** As responsabilidades derivadas da ocupación dos terreos municipais serán asumidas integramente polo autorizado.
- 7.** O Concello das Neves poderá, en calquera momento, inspeccionar os terreos municipais obxecto da autorización e instalacións para garantir que os mesmos son empregados de acordo cos termos da autorización.
- 8.** As autorizacións obxecto deste prego outorgaranse por un prazo de UN ANO prorrogable por anos ata un MÁXIMO TOTAL DE CATRO ANOS.
En todo caso, o comezo da actividade do posto debe producirse cando rematen as obras ou instalacións iniciais de acondicionamento dos locais, -que como máximo, será no prazo de tres meses desde que se outorgue a autorización-, que debe exercerse de forma continua e regular durante o horario establecido.
- 9.** A transmisión da autorización só se pode facer nos termos fixados no artigo 10 deste Prego. Non se permite a cesión parcial do posto.
- 10.** As causas de extinción da autorización son as previstas no artigo 17 do prego de condicións destas autorizacións demaniais.
- 11.** A presente autorización rexerese polo disposto neste Prego unha vez estea aprobado polo órgano competente e no non previsto no mesmo será de aplicación a Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; LCSP; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; RD 817/2009, de



desenvolvemento parcial da Lei de contratos do sector público, Lei 7/85 do 2 de abril e R. D. Lex. 781/86, do 18 de abril; ordenanzas fiscais do Concello das Neves vixentes en cada momento; normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

EXECUCIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

Cláusula 14. Potestades e Facultades do Concello

O Concello das Neves ostenta as seguintes potestades e facultades:

1. A de acordar a extinción das autorizacións por calquera causa e determinar os efectos destas. Dentro desta facultade inclúese as de revogalas antes do vencemento das autorizacións, entre outras causas, por razóns de interese público, sen dereito a indemnización, cando estas resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

2. A de interpretar e resolver as dúbidas que ofrezca o cumprimento das autorizacións.

3. A de supervisar e controlar a ocupación e instalación dos postos, podendo non admitir determinados elementos e instalacións cando o esixa o correcto desenvolvemento do mercado. A instalación e ocupación dos postos efectuarase con pleno control municipal. Entre as causas que encaixan dentro do correcto desenvolvemento do mercado, a título exemplificativo, están garantir o goce ordeado dos cidadáns do mercado, a seguridade e saúde dos cidadáns, o dereito a poder ocupar e facer uso dos postos dos autorizados destas e o cumprimento da normativa de convivencia e de mercados. Os autorizados non poden establecer instalacións ou elementos destas que sexan contrarios ao correcto desenvolvemento do mercado. Durante a supervisión e control da ocupación dos postos, o Concello das Neves poderá ditar ordes verbais a través da policía municipal ou funcionarios da unidade de mercados ou persoas que autorice o Concello das Neves, que son de obrigado cumprimento.

O establecemento de instalacións ou elementos nos espazos autorizados que estean prohibidos ou sexan contrarias ás ordes do Concello das Neves, constitúen infraccións moi graves; considerarase como incumprimento dunha obriga esencial e, polo tanto, constitúe causa de extinción das autorizacións por causa imputable aos autorizados.

4. A de ditar instrucións para o correcto uso e distribución dos postos para garantir o correcto desenvolvemento do mercado. Entre as causas que encaixan dentro do correcto desenvolvemento do mercado, a título exemplificativo, están garantir o goce ordeado dos cidadáns do mercado, a seguridade e saúde dos cidadáns, o dereito a poder ocupar e facer uso dos postos dos autorizados destas e o cumprimento da normativa de convivencia e de comercio.



Estas instrucións débense cumprir no prazo que se sinale nas mesmas.

5. A de, a través da policía municipal ou empregados do Concello das Neves ou persoas que autorice o Concello, ditar ordes verbais que garantan o correcto desenvolvemento do mercado. Entre as causas que encaixan dentro do correcto desenvolvemento do mercado e as consecuencias do incumprimento así como o prazo para o seu cumprimento é de aplicación o previsto no parágrafo anterior.

6. A de modificar as autorizacións por razóns de interese público.

Dentro de ditas modificacións inclúese a posibilidade de modificar a ubicación do posto autorizado por razóns xustificadas, como pode ser a realización dunha obra, a reordenación do mercado, a celebración dun evento, etc. En ningún caso, esta modificación dará dereito aos autorizados a obter ningún tipo de compensación ou indemnización de calquera tipo, sen prexuízo das posibles reducións que se poidan contemplar na ordenanza fiscal correspondente nos termos establecidos nela.

As modificacións das autorizacións acordaranse polo órgano competente para outorgar as autorizacións previa audiencia ao autorizado por un prazo de 10 días naturais.

As posibles modificacións das autorizacións rexeranse, por analoxía, segundo o disposto na LCSP e a normativa de desenvolvemento para o contrato de servizos, salvo no procedemento para acordalas, no que resulte incompatible ou no previsto neste prego.

7. A de que en calquera momento poida suspender o funcionamento de calquera instalación, incluíndo o peche destas e calquera outra medida que sexa necesaria e adecuada nos seguintes supostos:

- Cando o uso e aproveitamento do posto se estea exercendo ou se exercera por unha persoa que non sexa o autorizado ou algunha das persoas que permite ou que fai referencia o artigo 15.22 deste prego.
- Cando a autorización do posto e/ou ocupación do posto se transmitise sen cumprir o disposto neste prego ou se permítese ou autorízase a ocupación ou uso e aproveitamento parcial do posto por outra persoa.
- O incumprimento das ordes ou instrucións que dite o Concello, que poden ser verbais, no prazo que se sinale.
- Cando exista perigo para a seguridade e saúde dos bens e persoas.

O exercicio da facultade indicada neste apartado so require que se dite unha resolución acordando as medidas que procedan e a súa notificación ao autorizado e/ou persoa que estea no posto.

Nos tres primeiros supostos, considerase que se incumpren obrigas esenciais, e polo tanto, coa suspensión e medidas que se acorden, acordarase o inicio do expediente de extinción da autorización por causa imputable ao autorizado e durará todo o tempo ata



que se resolva o expediente de extinción da autorización.

No suposto de que exista perigo para a seguridade e saúde dos bens e persoas a suspensión durará todo o tempo que sexa necesario para garantir que as instalacións se poidan desenvolver con pleno respecto e cumprimento da normativa de seguridade e saúde das persoas e bens.

8. A de fiscalizar os espazos municipais obxecto das autorizacións, así como os elementos instalados sobre eles, incluíndo o seu interior, co fin de comprobar o estado dos bens e o correcto desenvolvemento das autorizacións, podendo dar as ordes oportunas para que se utilicen correctamente os bens ocupados e non sufran menoscabo estes bens así como para que as actividades se desenvolvan conforme a normalidade.

9. A de supervisar e controlar as autorizacións e os postos, podendo adoptarse as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización e desenvolvemento das autorizacións. As instrucións poderanse ditar verbalmente e no seu caso, por escrito.

10. A de modificar os distintos aspectos do mercado, sen xerar ningún tipo de indemnización ou compensación de ningún tipo aos autorizados. Dentro desta potestade está a posibilidade de modificar os días e os horarios de celebración destes mercados e de reducir os días e horarios de celebración.

11. A de impoñer multas e cobralas por vía de prema.

12. A de determinar de forma definitiva as obras que teñen que realizar os autorizados, conforme a guía de estilo e no manual de obras que consta no anexo II.

Cláusula 15. Dereitos dos autorizados

Os autorizados terán os seguintes dereitos:

1. A ocupar os espazos municipais obxecto das autorizacións coas instalacións correspondentes durante o prazo de vixencia das autorizacións de conformidade co previsto neste prego.

2. A ser mantidos pacificamente no uso dos espazos nos termos previstos no presente prego durante o prazo de vixencia das autorizacións.

3. A distribución dos postos e instalacións nos terreos obxecto das autorizacións seguindo as instrucións do Concello das Neves e as previsións contidas neste prego.

4. A empregar os bens obxecto das autorizacións conforme aos destinos fixados neste prego de condicións.

5. A formular, ante o Concello, cantas reclamacións estime oportunas, que serán contestadas motivadamente.

6. Os demais dereitos que se recoñecen na normativa de patrimonio das administracións públicas.



Cláusula 16. Obrigas dos autorizados

Os autorizados terán as seguintes obrigas:

- 1.** Destinar os bens de dominio público obxecto das autorizacións ás finalidades previstas conforme se dispón no artigo 12 deste prego e a utilízalos de conformidade coa súa natureza. En particular, non poderán vender produtos ou artigos que non estean autorizados a vender, aínda que sexan compatibles con estes.
- 2.** A que a ocupación nos postos autorizados se realice mediante a realización de obras ou instalacións de acondicionamento ou adaptación destes que sexan adecuadas e idóneas para as actividades a desenvolver conforme a guía de estilo e o manual de obras ou as determinadas de forma definitiva polo Concello conforme se dispón no artigo 16 deste prego. Así mesmo, deben realizar a súa custa, as obras de conservación e mantemento necesarias e adecuadas conforme se dispón no citado artigo 16 deste prego. En todo caso, o réxime das obras e instalacións axustarase ao disposto nese artigo citado.
- 3.** A que a ocupación nos postos autorizados se efectúe dentro do perímetro autorizado, quedando visibles as marcas de delimitación debendo realizarse con instalacións que cumpran o disposto neste prego e na normativa de aplicación. Así mesmo, as instalacións e o uso dos espazos autorizados durante toda a duración das autorizacións debe realizarse en todo momento coa dilixencia dun empresario normalmente dilixente que garanta o correcto desenvolvemento do mercado de abastos con pleno respecto dos dereitos de todos os usuarios e demais autorizados así como das normas de seguridade e saúde que resulten aplicables.

Non obstante, conforme determine o Concello, permitirase a ocupación conxunta de espazos comúns para servir á finalidade da planta baixa do mercado nas condicións e co alcance que determine o Concello. En todo caso, esa posible ocupación deses espazos comúns deberase realizar en todo momento coa dilixencia dun empresario normalmente dilixente que garanta o correcto desenvolvemento do mercado de abastos con pleno respecto dos dereitos de todos os usuarios e demais autorizados así como das normas de seguridade e saúde que resulten aplicables.

- 4.** A desenvolver as actividades dos postos autorizados durante todos os días e durante os horarios de duración das autorizacións. Unicamente poderá non prestarse as actividades por causas debidamente xustificadas non imputables aos autorizados e durante o prazo que tarden en realizar as obras ou instalacións iniciais de acondicionamento dos locais.
- 5.** Expoñer publicamente de forma visible os prezos dos produtos ou artigos expostos para a venda.
- 6.** Estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social. Esta obriga implica a de satisfacer calquera tributo que sexa legal ou regulamentariamente esixible de conformidade coa normativa vixente en cada momento. Todo o persoal que os autorizados destinen á execución da autorización, non terá vinculación laboral ou de



ningún outro tipo co Concello, debendo ser contratados, cando proceda, polos adxudicatarios en réxime ou na modalidade que legalmente corresponda. Serán de conta dos adxudicatarios os gastos do persoal empregado (incluído os que poidan orixinarse pola extinción dos contratos), incluída á cotización á Seguridade Social, así como primas de seguros, e demais gastos propios da explotación.

Así mesmo, os que se destinen a execución ou explotación do posto autorizado deberán dispoñer dos permisos de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou non comunitario.

7. A asumir os gastos enumerados no artigo 8 deste prego e satisfacer calquera outro gasto que sexa esixible legal ou regulamentariamente. Dentro destes gastos, en particular deberán satisfacer as taxas ou canons establecidos nos presentes pregos nos prazos sinalados nestes e ordenanzas fiscais que sexan de aplicación, así como atender os tributos que legal ou regulamentariamente correspondan.

8. Coidar, a súa custa, de que os espazos obxecto das autorizacións así como as obras e instalacións que se instalen e todos os elementos que se empreguen para o desenvolvemento das actividades autorizadas se atopen en todo momento en bo estado de seguridade, salubridade, mantemento, conservación e ornato publico, que entre outras obrigas, implica as seguintes:

1. Conservar a súa custa, todos os bens e instalacións autorizados en perfecto estado de funcionamento, limpeza e hixiene, durante toda a duración da autorización, destinándoas exclusivamente ao uso autorizado. Realizará a súa custa as operacións de conservación, reparación e mantemento que sexan necesarias, aí como calquera outras que resulten indispensables para o normal funcionamento do local.
2. Achegar e manter a súa custa, en perfecto estado a utilillaxe, enseres e demais bens propios do local, repoñendo o material en caso de perda, roubo ou danos, no prazo máximo de 10 días naturais.
3. Recoller e depositar en contedores habilitados ao efecto os residuos e lixos que se xeren no exercicio das actividades autorizadas.
4. A manter, a súa custa, en perfectas condicións de ornato e limpeza os espazos afectos a prestación da actividade do posto con tódolos bens mobles e inmobles afectos a este. Cando menos a limpeza interior do local obxecto da autorización efectuarase a diario.
5. Que deixen os seus postos limpos ao finalizar o mercado.

9. Manter de xeito continuado a limpeza dos espazos comúns da planta baixa, así como o pagamento dos consumos que procedan.

10. Todo o persoal destinado as actividades autorizadas deberá coidar o aseo e a boa presentación e deberá observar en todo momento un trato correcto cos usuarios desas actividades.

11. Poñer a disposición dos usuarios as correspondentes follas de reclamacións oficiais de conformidade coa normativa vixente.





- 12.** Admitir a todo usuario na compra dos produtos ou artigos, pagando o correspondente prezo, en condicións de igualdade, sen discriminación de ningún tipo.
- 13.** Someterse ás inspeccións, fiscalizacións e controis dos espazos e locais obxecto das autorizacións así como das instalacións por parte do Concello nos termos sinalados no artigo 13 deste prego coa finalidade de garantir que os mesmos sexan usados de acordo cos termos das autorizacións. En particular, deberán cumprir os requirimentos que diten os funcionarios da unidade de mercados e/ou policía municipal.
- 14.** A obter a súa custa cantas licenzas, autorizacións e permisos requira o uso dos locais municipais obxecto das autorizacións ou das actividades a realizar sobre eles.
- 15.** Deberá garantirse a correcta presentación, conservación e exposición dos produtos e consumicións obxecto de venda.
- 16.** Observar, en todo momento, un comportamento adecuado e as indicacións e as observacións do Concello.
- 17.** Deberán achegar e facilitar toda a documentación e información que lle sexa requirida polo Concello no prazo que este sinale.
- 18.** Non poderán facer uso nas súas relacións comerciais, laborais ou calquera outras do nome do Concello das Neves, salvo autorización por escrito deste.
- 19.** Non poderá realizar publicidade comercial a favor doutras empresas nas instalacións ou espazos autorizados, salvo autorización municipal.
- 20.** Gardar sixilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto das autorizacións e dos que teñan coñecemento con ocasión dos mesmos.
- 21.** A que a explotación e/ou uso do posto, total ou parcialmente, só poda realizarse por algunha da seguintes persoas:
 - a.** Titular do posto.
 - b.** Outro persoal que será contratado, cando corresponda, polo titular do posto en réxime ou na modalidade que legalmente corresponda, especialmente tendo en conta a lexislación laboral e de seguridade social.

Os autorizados deberán comunicar previamente ao Concello, cunha antelación mínima de dous días hábiles, as persoas que van destinar á explotación e/ou uso dos postos.

En todo caso, non se poderá usar ou explotar total ou parcialmente o posto por persoas distintas das sinaladas nos dous parágrafos anteriores.

Así mesmo, non se poderá ceder parcialmente o posto, por calquera título a favor doutra persoa.



As transmisións das autorizacións só se poden realizar cumprindo co disposto no artigo 10 deste prego.

Cando proceda de conformidade coa normativa, todo o persoal que se destine á execución da autorización deberá posuír o carné de manipulador de alimentos.

22. A non modificación das autorizacións sen autorización previa do Concello nos termos fixados neste prego.

23. A que a ocupación dos postos se produza dentro dos días e horarios de duración das autorizacións, non podendo ocupalo fóra destes máis que o tempo necesario e imprescindible para poder pechar de forma axeitada o local ou abrir este e repoñer material ou realizar as operacións de mantemento e conservación necesarias. Esa ocupación fóra do horario de duración das autorizacións deberá coordinarse co Concello para que provoquen a mínima perturbación e realizarse seguindo as instrucións deste. Os autorizados deben abandonar e deixar libres e vacuos, en perfecto estado de conservación e uso, a disposición do Concello, os espazos e locais obxecto das autorizacións cando se extingan estas, recoñecendo a potestade do Concello para acordar e executar por sí o lanzamento. Os espazos e bens afectos as autorizacións deberán reverter ao Concello cando se extingan estas en perfecto estado de conservación, uso e limpeza dos bens. Tódolos traballos que sexan necesarios para que os espazos estean en perfecto estado de conservación e uso polos cidadáns serán a custa dos autorizados. De non facelo os autorizados, farao o Concello a custa dos autorizados.

24. A asumir a responsabilidade derivada das ocupacións dos bens obxecto de autorizacións e a aboar e asumir o importe dos danos e perdas que se causaren como consecuencia da utilización dos espazos e bens obxecto das autorizacións ou das actividades a desenvolver nestes así como calquera dano e perda que se cause sobre bens materiais ou persoais xa sexan do Concello ou dun terceiro. Neste senso, o Concello das Neves queda exonerado de todo tipo de responsabilidade, directa ou subsidiaria, como consecuencia das actividades realizadas nos terreos obxecto das autorizacións.

25. A atender os requirimentos de información e documentación que requira o Concello no prazo que este determine.

26. A poñer en coñecemento inmediato do Concello cantas actuacións ou incidencias relevantes poidan producirse no local obxecto da autorización que puidesen ser contrarias ao normal destino.

27. A cumprir en todo momento coa normativa vixente, especialmente no que se refire á protección da saúde pública, ao exercicio do comercio, á disciplina do mercado, á defensa dos consumidores e usuarios e ao réxime fiscal e de Seguridade Social, así como co cumprimento da normativa en materia alimentaria e sanitaria no caso das instalacións destinadas á venda de produtos alimentarios.

28. A responder en todo momento da calidade dos seus produtos ou artigos, sen que poidan ocasionar riscos para a saúde ou seguridade dos consumidores e, supoñan fraude na calidade ou cantidade, sexan falsificados, non identificados ou incumpran cos



requisitos mínimos para a súa comercialización.

29. A non empregar aparatos acústicos para o exercicio dos postos de venda, excepto autorización expresa do Concello.

30. Non poderá gravar, arrendar, subarrendar nin allear os bens afectos á autorización, sen prexuízo da posibilidade de transmisión dos postos conforme se dispón no artigo 10 deste prego.

31. Os autorizados deberán empregar o galego nas publicacións, na cartelería, na publicidade e en toda a produción escrita de todas as actividades que vaian desenvolver no posto.

Deberase empregar unha linguaxe non sexista en toda a documentación, publicacións, cartelería e toda a produción escrita das actividades.

Todos os materiais, imaxes e documentación evitarán por completo calquera imaxe discriminatoria, e deberán fomentar valores de igualdade, pluralidade e corresponsabilidade entre homes e mulleres.

A obriga establecida neste apartado reverterá expresamente o carácter de esencial.

32. Cumprir cantas outras obrigas resulten destes pregos, da normativa municipal que en cada momento se estableza e demais disposicións normativas que sexan de aplicación.

Cláusula 17. Instalacións e obras

- Obras iniciais unha vez outorgada a autorización.

Os autorizados están obrigados a acondicionar os locais ou espazos obxecto das autorizacións no prazo máximo de tres meses desde que se outorguen estas. Este acondicionamento realizarase mediante a execución das obras e instalacións máis axeitadas e idóneas para cumprir a finalidade da actividade a realizar e que sexan conformes ao manual de obras que figura como anexo II deste prego. Estas obras teñen que permitir que o local ou espazo municipal obxecto da autorización reúna as condicións adecuadas hixiénico-sanitarias e de ornato.

En todo caso, as obras a realizar deben autorizarse previamente polo Concello, quen poderá determinar de forma definitiva as obras a realizar conforme ao referido manual de obras que figura como anexo II deste prego.

Os autorizados para a execución das obras de adaptación, deben presentar no prazo máximo dun mes desde que se outorgue a autorización a documentación necesaria, adecuada e suficiente que permita describir estas e valorar a súa adecuación ao manual de obras por parte do Concello.

Esa documentación será analizada polo Concello, quen poderá facerlle requirimentos de modificación e/ou emenda da documentación presentada en caso de estimar que existen erros, omisións ou insuficiencias nesta e/ou que as obras descritas non son as máis adecuadas ou idóneas para cumprir a finalidade da actividade a realizar ou estas non son conformes ao anexo II deste prego.

Os autorizados deben cumprir os requirimentos do Concello no prazo máximo que determine este, que como regra xeral, será de 5 días hábiles. O Concello en caso de seguir apreciando insuficiencias ou erros, poderá facer dous requirimentos máis. En caso de que realizados tres requirimentos non se atendan adecuadamente por parte dos autorizados, considerase o incumprimento dunha obriga esencial e será, polo tanto, causa de extinción da autorización e iniciárase o procedemento de extinción por causa imputable ao autorizado.

En todo caso, o autorizado, está obrigado a manter as obras en perfecto estado de conservación, mantemento e hixiene e conforme ao manual de obras, a cuxo efecto, pode ser requirido polo Concello debendo atender este no prazo que se sinale por parte desta entidade local.

- Outras obras e instalacións.

Sen prexuízo das obras iniciais que ten que realizar o autorizado para que o local serva á finalidade, este poderá realizar outras obras ou acondicionamentos do local ou modificar estas sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- O autorizado deberá de atoparse ao día no pagamento dos canons e nas taxas.
- Requirirán autorización individualizada do Concello ou conformidade deste en cada caso.
- Presentaranse a documentación precisa das obras a realizar conforme a normativa esixible e, no seu caso, as autorizacións sectoriais que sexan precisas. A documentación ten que ser a suficiente e adecuada para valorar o tipo de obras a realizar.
- As obras a realizar deben ser conformes coa guía de estilo e o manual de obras que se sinala no anexo II deste prego.
- Atenderase á medida en que as novas obras ou instalacións proxectadas supoñan unha optimización, modernización ou mellora das instalacións xa existentes.
- As novas obras ou instalacións devengarán os tributos que legalmente procedan.
- O Concello poderá requirir a modificación das obras de forma motivada, para conseguir que estas sexan as máis axeitadas e idóneas para conseguir o cumprimento das finalidades do posto e que se cumpra a guía de estilo e o manual de obras.

As obras ou instalacións que realice o autorizado, serán a súa custa e non xerarán dereito a compensación ou indemnización por parte do Concello, revertendo automaticamente ao Concello en axeitado estado de conservación e funcionamento, e



sen máis desperfectos que os que foran consecuencia do seu normal uso para os fins da autorización. Os únicos bens que non reverterán serán aqueles que sendo postos polo autorizado teñan a condición de bens mobles sempre que non estean unidos de forma permanente ao local ou a bens non revertibles, de tal modo que a súa separación produza un menoscabo naquel ou nestes. Esta reversión non implicará dereito a indemnización ou compensación de ningún tipo.

No caso de que se realicen melloras, obras ou construcións sen autorización ou conformidade municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan conforme estes pregos e demais normativa de aplicación, o Concello poderá ordenar a súa demolición ou recuperación do estado anterior das instalacións afectadas polas melloras ou obras, que deberán cumprirse no prazo sinalado polo Concello. Estas demolicións serán realizadas a custa dos autorizados, vindo obrigados estes a indemnizar os danos ocasionados as persoas ou bens. Estas obras, melloras ou instalacións sen autorización do Concello poden constituír causa de revogación por causa imputable ao autorizado.

Autorizadas as obras ou instalacións deberán de facerse efectivas no prazo que sinale o Concello, atendendo ás súas características, tendo en conta que as obras iniciais deben realizarse no prazo máximo de tres meses desde o outorgamento da autorización.

A realización destas novas obras ao marxe das iniciais non poderá supor a paralización da actividade, agás cando veña imposta pola propia natureza e alcance das mesmas.

Os autorizados deben realizar así mesmo, a súa custa, as obras de conservación e mantemento necesarias e axeitadas para que os espazos sirvan á finalidade para a que están destinadas e que estes se atopen en condicións de seguridade e saúde para as persoas e bens e que os usuarios poidan desfrutar do mercado e os demais autorizados e concesionarios poidan empregar os postos adxudicados. Estas obras deben autorizarse polo Concello, quen poderá ordear a súa realización, debendo realizarse estas no prazo que sinale o Concello.

EXTINCIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

Cláusula 18. Extinción das autorizacións

As autorizacións extínguense por caducidade ou por acordo de extinción do órgano competente para o outorgamento.

A extinción das autorizacións por vencemento da duración das mesmas, supón a extinción automática das autorizacións sen necesidade de que se proceda a realizar ningún acto ou declaración por parte da Administración municipal.

Ademais da extinción por caducidade das autorizacións, son causas de extinción as indicadas no artigo 100 da LPAP e neste prego.

A aplicación das causas de extinción das autorizacións por causa distinta de caducidade axustarase ás seguintes regras:



- a) A extinción das autorizacións acordarase polo órgano competente para o outorgamento das autorizacións demaniais, de oficio ou a instancia dos autorizados, no seu caso, atendendo o procedemento regulado no artigo 23.
- b) A administración estará lexitimada para proceder a iniciar a extinción da autorización por calquera causa.
- c) A extinción das autorizacións só poderá instarse polo autorizado cando non lle sexa imputable a circunstancia que dese lugar á mesma.
- d) A extinción das autorizacións por renuncia do titular só poderá ter lugar cando non concorra outra causa de extinción que sexa imputable aos autorizados.
- e) O incumprimento das obrigas do Concello só dará lugar á extinción das autorizacións naqueles casos previstos expresamente neste prego.

Cláusula 19. Efectos da extinción das autorizacións

Os efectos da extinción das autorizacións axustarase ao seguinte:

- a) A extinción das autorizacións por caducidade ou por renuncia do titular non dará lugar a indemnización de danos e perdas.
- b) Cando as autorizacións se extingan por causa imputable aos autorizados, dará lugar:
 - A que os autorizados teñan que indemnizar á Administración cos danos e perdas ocasionados.
 - Os autorizados non terán dereito a ningún tipo de indemnización ou compensación.
 - A que os autorizados non poidan resultar adxudicatarios de postos do Concello das Neves ou autorizacións ou concesións demaniais destes durante os próximos catro anos, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.
- c) Cando as autorizacións se extingan por causa imputable á Administración, determinará con carácter xeral o pagamento dos danos e perdas que por tal causa se irroguen aos autorizados.
- d) Á extinción das autorizacións, o Concello quedará facultado para dispor o que proceda sobre os locais e bens obxecto das autorizacións.
- e) En todo caso, a extinción das autorizacións, os locais e bens afectos a autorización deberán revertir ao Concello, nos termos establecidos no presente prego, en perfecto estado de conservación, uso e limpeza. Tódolos traballos que sexan necesarios para que os espazos estean en perfecto estado de conservación e uso polos cidadáns serán a custa dos autorizados.



RÉXIME SANCIONADOR

Cláusula 20. Procedemento Sancionador

A extinción das autorizacións que o mesmo tempo poidan constituír infraccións segundo este prego axustarase as seguintes regras:

1. A extinción das autorizacións por infraccións son independentes das multas que se impoñan.
2. Cando concorra algunha causa que ao mesmo tempo de infracción constitúa causa de extinción da autorización, o Concello, sen prexuízo da imposición das multas correspondentes, pode optar pola extinción das autorizacións ou a súa continuidade.
3. As causas de extinción previstas como infraccións que ao mesmo tempo estean mencionadas expresamente como causas de extinción rexeranse en primeiro lugar polo disposto neste capítulo.

Procedemento:

- a) A extinción das autorizacións por caducidade non requirirán ningún acordo ou declaración da Administración.
- b) A extinción das autorizacións por renuncia dos titulares só require acordo expreso do Concello.
- c) A extinción das autorizacións por calquera outra causa distinta das enumeradas nos dous apartados anteriores require unicamente o cumprimento dos seguintes requisitos:
 - i. Inicio do expediente por parte do órgano competente para outorgar as autorizacións demaniais.
 - ii. Audiencia aos autorizados polo prazo de dez días naturais.
 - iii. Con carácter potestativo, informe da persoa encargada da administración do mercado.
 - iv. Informe xurídico.
 - v. Acordo expreso do órgano competente para outorgar as autorizacións demaniais.

Cláusula 21. Incumprimentos

As infraccións que cometan os autorizados, clasifícanse en leves, graves e moi graves, de acordo coa tipificación seguinte:

Infraccións leves. Terán a cualificación de infraccións leves:



1. A non ocupación e explotación do posto autorizado durante non máis de 2 días no período de duración das autorizacións sempre que non estea xustificado por unha causa non imputable aos autorizados.
2. Os altercados ou disputas entre o persoal que atenda as instalacións durante a súa prestación.
3. Arrojar residuos e lixo nas instalacións ou espazos públicos municipais obxecto das autorizacións ou fóra dos contedores ou lugares destinados a tal fin.
4. Calquera outra acción ou omisión que infrinxa as obrigas ou deberes recollidos no presente prego e non resulte tipificada como infracción grave ou moi grave.

Infraccións graves. Terán a cualificación de infraccións graves as seguintes:

1. O incumprimento que non mereza, segundo a lexislación aplicable, a consideración de leve das obrigas establecidas pola lexislación laboral, de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais, sempre que non estea tipificado como infracción moi grave.
2. O mal uso do mobiliario urbano, como bancos, papeleiras, etc.
3. O incumprimento do deber de mantemento das instalacións, espazos públicos municipais e bens afectos á autorización en perfecto estado de conservación, entendendo que se produce tal incumprimento cando non se inicie a reparación dos desperfectos nun prazo de 2 días naturais desde que se manifesten, cando esta reparación fose de competencia do autorizado segundo os presentes pregos. De existir orde expresa do Concello sinalando o prazo correspondente, a infracción cualificarase como moi grave segundo o correspondente apartado deste artigo.
4. O incumprimento do deber de mantemento das instalacións ou dos espazos públicos municipais obxecto da autorización nas debidas condicións hixiénico-sanitarias, cando non exista transcendencia para a saúde pública.
5. A non ocupación e explotación do posto autorizado de entre 3 e 9 días naturais no período de duración das autorizacións sempre que non estea xustificado por unha causa non imputable aos autorizados.

Infraccións moi graves. Terán a cualificación de infraccións moi graves as seguintes:

1. O incumprimento da obriga de estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social.
2. O grave incumprimento das obrigas establecidas pola lexislación laboral, de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais.





3. Non observar debidamente as indicacións, ordes, instrucións ou as observacións do Concello no prazo que este sinale.
4. As agresións ás autoridades, aos empregados municipais, aos axentes da autoridade e ao público en xeral.
5. Poñer dificultades ás tarefas de control da Administración, como dificultar ou impedir as actuacións inspectoras da Administración.
6. A demora na achega de informes ou documentos en xeral, que sexan solicitados polo Concello no prazo establecido polo mesmo.
7. A falsidade, inexactitude e ocultación dos datos ou declaracións que teña un carácter esencial entregados ou facilitados ao Concello.
8. O incumprimento da normativa sanitaria con transcendencia para a saúde dos usuarios.
9. Calquera conduta constitutiva de delito, especialmente as coaccións, roubos e furtos aos usuarios.
10. Non abandonar e deixar libres e vacuos, os terreos e bens obxecto das autorizacións, cando remate a vixencia das autorizacións e cando se extingan estas nos termos fixados neste prego.
11. O incumprimento das resolucións recaídas como consecuencia dalgunha infracción cometida.
12. A ocupación de máis espazo dos autorizados.
13. Por explotarse o posto total ou parcialmente por unha persoa que non sexa algunha das determinadas no artigo 21.
14. A transmisión da autorización sen cumprir o disposto neste prego ou por cedelo ou transmitir parcialmente o posto.
15. Non destinar os bens obxecto de autorización ás actividades que deben destinarse conforme este prego.
16. A non ocupación e explotación do posto autorizado durante máis de 9 días no período de duración das autorizacións sempre que non estea xustificado por unha causa non imputable aos autorizados.





17. A non realización das actuacións de limpeza, conservación ou reparación que sexan ordeadas polo Concello no prazo fixado e que deba realizar.

18. Non ter exposto en forma facilmente visible e lexible para o público os datos persoais dos titulares dos postos, así como unha dirección para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

19. Calquera outra que se estableza no presente prego como falta ou incumprimento moi grave.

Cláusula 22. Sancións

As infraccións conlevarán a imposición por parte do Concello das Neves de sancións de multa, que se imporán en calquera caso.

As multas a impoñer teñen tres grados, que se corresponden respectivamente con infraccións leves, graves e moi graves, que establecen os límites seguintes:

- a) As infraccións leves sancionaranse con multa ata 750,00 euros.
- b) As infraccións graves sancionaranse con multa ata 1.500,00 euros.
- c) As infraccións moi graves sancionaranse con multa ata 3.000,00 euros.

Para a súa gradación atenderase ao dano ou prexuízo producido ao dominio público, ao público e ó Concello, a intencionalidade, reiteración, e contía económica, principalmente.

Con independencia das sancións que se lle impoñan aos autorizados, o Concello pode esixir sempre o cumprimento das obrigas dos autorizados a través dos medios previstos pola normativa administrativa.

A comisión de infraccións moi graves pode dar lugar, ademais do pagamento da oportuna sanción, á suspensión da venda no posto ata tres meses ou á extinción do posto por causa imputable ao autorizado.

No caso de que os autorizados se atrasen en abandonar e deixar libres e baleiros, en perfecto estado de uso, os postos, estes deberán aboar unha penalidade diaria de 50 euros.

Cláusula 23. Competencia para impoñer sancións

Será competente para impoñer as sancións, de selo caso, o Alcalde ou concelleiro que ostente a competencia para outorgar as autorizacións, previa audiencia dos autorizados durante 10 días hábiles. O inicio do expediente acordarase de existir, polo concelleiro que ostente a competencia para outorgar as autorizacións e no caso de non existir, do Alcalde.



O importe da multas satisfacerase ao Concello por parte dos autorizados no termo de 10 días naturais seguintes ao da súa notificación.

De non satisfacerse dentro do termo, as multas faranse efectivas de acordo coa prelación seguinte:

1.- Compensaranse cos créditos que teña pendentes co Concello das Neves. Os autorizados autorizan expresamente ao Concello das Neves ao aceptar o prego para que se proceda a dita compensación.

2.- En canto o aboamento do importe das multas non quede cuberto na súa totalidade polas compensacións, o Concello poderá utilizar os medios de execución forzosa previstos na lexislación de réxime xurídico de administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma vixente aplicable ao caso podendo facerse efectivo a través do procedemento de prema ou constrinximento.

A imposición das multas terá lugar sen prexuízo da indemnización por danos e perdas que sexan esixibles por parte do Concello.

REVERSIÓN

Cláusula 24. Reversión

Cando falte un mes para finalizar o prazo de duración das autorizacións o Concello designará os técnicos para inspeccionar o estado en que se atopen os locais e instalacións obxecto das autorizacións así como as obras realizadas sobre estas, ordeando, á vista dos resultados da inspección técnica, a execución das obras e traballos de reparación e reposición que se estimasen necesarias para manter estes en perfecto estado de conservación e mantemento hixiénico sanitario e de ornato. As obras e traballos de reparación que deban efectuarse serán de conta do autorizado segundo o exposto nestes pregos.

Tódolos bens, instalacións e obras que estean destinados ao servizo dos locais ou espazos obxecto das autorizacións reverterán ao Concello ao termo das autorizacións en perfecto estado de conservación e mantemento. Os únicos bens que non reverterán serán aqueles que sendo postos polo autorizado teñan a condición de bens mobles sempre que non estean unidos de forma permanente ao local ou a bens non revertibles, de tal modo que a súa separación produza un menoscabo naquel ou nestes. Esta reversión non implicará dereito a indemnización ou compensación de ningún tipo.

Unha vez extinguidas as autorizacións farase entrega por parte dos autorizados dos espazos municipais e bens obxecto destas autorizacións que deban reverter ao Concello libre de toda carga e gravame e en estado de conservación e mantemento axeitado, debendo deixalos libres e vacíos a disposición do Concello.



DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA- Modificacións normativas

As referencias contidas neste prego a preceptos doutras normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas de xeito automático a aqueles preceptos que os substitúan ou modifiquen.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA- Comunicacions e notificacións electrónicas

Todas as comunicacións e notificacións que se teñan que realizar por parte do Concello das Neves en cumprimento deste prego ou en execución das autorizacións aos licitadores ou autorizados, realizarase por medios electrónicos nos termos e condicións sinalados na D. Ad. Décimo quinta da LCSP, comezando a computar os prazos da comunicación ou notificación desde a recepción da notificación polo interesado.

Non será preciso realizar a notificación ou comunicación disposta no parágrafo anterior, cando nos pregos se sinale que a comunicación, requirimento ou notificación se realice a través da sede electrónica municipal.

Para a práctica das notificacións electrónicas, as persoas que se identifiquen deberán contar con DNI electrónico, certificado electrónico admitido, ou sistema clave.

Deberá sinalarse unha dirección de correo electrónico na que recibir o aviso das correspondentes notificacións deste tipo.

ANEXO I. Plano con todos os postos que son obxecto de licitación na planta baixa do mercado municipal de abastos de As Neves

ANEXO II: Guía de estilo e o manual de obras para o deseño e construción das obras de adaptación dos espazos obxecto das autorizacións.

DILIXENCIA:

O presente prego de cláusulas administrativas particulares, integrado por 33 páxinas, foi aprobado por Acordo da Xunta de Goberno Local de 04/02/2020.

Asdo. María Jesús Rodríguez Freire
Secretaria-Interventora

